

## Exercicios de apoio da 2ª Quincena

### TEMA 10: As características físicas do territorio galego: Clima, Auga e Paisaxes Eco-xeográficas.

Exercicios de apoio. (Intenta completar os seguintes exercicios antes de mirar a resposta que téns ao final).

#### 1. Completa as seguintes frases:

1. A presenza do \_\_\_\_\_ atenúa as variacións \_\_\_\_\_ e aporta abundantes \_\_\_\_\_.
2. As maiores \_\_\_\_\_ rexístranse nas \_\_\_\_\_ expostas a chegada das \_\_\_\_\_ oceánicas.
3. O \_\_\_\_\_ en Galicia xoga un papel determinante na distribución das \_\_\_\_\_.
4. En \_\_\_\_\_ Galicia está baixo a influencia dos centros de acción \_\_\_\_\_.
5. Galicia sitúase entre as rexións máis \_\_\_\_\_ de Europa Occidental.
6. A \_\_\_\_\_ térmica caracteriza o réxime de \_\_\_\_\_ en Galicia.
7. Nas illas de \_\_\_\_\_ urbana a \_\_\_\_\_ é superior ao contorno da cidade.
8. Na rede \_\_\_\_\_ destaca a relación entre o \_\_\_\_\_ dos ríos e a \_\_\_\_\_ tectónica.
9. Os ríos \_\_\_\_\_ son de \_\_\_\_\_ percorrido e augas \_\_\_\_\_.
10. Galicia é unha rexión \_\_\_\_\_ de enerxía \_\_\_\_\_.
11. As augas \_\_\_\_\_ afloran con temperaturas \_\_\_\_\_ á da superficie, e son ricas en compoñentes \_\_\_\_\_.
12. Os \_\_\_\_\_ contaminantes que se producen nos ríos teñen orixe \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ principalmente.
13. A \_\_\_\_\_ paisaxística está determinada pola interacción de variábeis \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_.
14. A \_\_\_\_\_ humana sobre un territorio será maior segundo o grao de \_\_\_\_\_ das sociedades presentes nese territorio.

#### 2. Resposta as seguintes cuestións:

1. De que xeitos a presenza do océano Atlántico caracteriza o clima galego?
2. Cal é o efecto principal do desprazamento latitudinal da corrente en chorro?
3. Que diferenza os climas das latitudes medias das restantes zonas climáticas?
4. Que factor determina a diferenciación das depresións que se inclúen no clima suboceánico?
5. Cal é a causa de que os ríos cantábricos sexan cursos de curto percorrido ?
6. Mediante que sistema de cultivos o home fixo uso das vertentes no río Sil ?
7. Indica os tipos de augas mineromedicinais que se atopan en Galicia e a súa distribución xeográfica.

8. Apunta os tipos de variábeis que podemos sinalar nunha paisaxe e identifica tres elementos de cada variábel.

### Respostas exercicios

#### 1. Completa as frases

- 1.\_ océano, térmicas, precipitacións.
- 2.\_ precipitacións, vertentes, fronte.
- 3.\_ relevo, precipitacións.
- 4.\_ inverno, ciclónicos.
- 5.\_ chuviosas.
- 6.\_ suavidade, temperaturas.
- 7.\_ calor, temperatura.
- 8.\_ fluvial, trazado, fracturación.
- 9.\_ cantábricos, curto, torrenciais.
- 10.\_ produtora, hidráulica.
- 11.\_ termais, superiores, minerais.
- 12.\_ verquidos, urbana, industrial.
- 13.\_ diversidade, naturais, humanas.
- 14.\_ intervención, desenvolvemento.

#### 2. Resposta as seguintes cuestións:

1. A presenza do océano atlántico inflúe principalmente en dous trazos climáticos. Dunha banda, o trazo térmico, onde a influencia atlántica reduce as variacións térmicas, tanto estacionais como diurnas. Por outra banda, o trazo pluviométrico, o océano é determinante para que os rexistros pluviométricos de Galicia sexan superiores aos doutras áreas da fachada atlántica europea.
2. O desprazamento latitudinal da corrente en chorro determina a alternancia dos centros de acción que inflúen en Galicia. Así en inverno Galicia está baixo a influencia dos centros de acción ciclónicos, mentres que no verán o protagonismo recae nos centros de acción anticiclónicos.
3. Son os climas menos contrastados termicamente.
4. A altitude. Así as depresión localizadas entre os 200-400 metros presentan un clima seco de matiz cálido. Mentres, as depresións localizadas sobre os 600 metros presentan un clima de matiz frío.

5. A principal razón do tamaño dos ríos cantábricos atópase na proximidade entre o mar Cantábrico e as serras setentrionais.

6. O cultivo das ladeiras do Sil con pendentes acusadas fíxose mediante o sistema de socalcos.

7. Podemos clasificar as augas mineromedicinais de Galicia en tres grandes grupos:

Augas clorurado sódicas. Dentro destes grupo agrupamos as da Toxa, Caldelas de Tui, Arteixo.

Augas carbonato-sódicas e sulfuradas: Inclúense as augas da provincia de Ourense.

Augas ferruxinosas: Engloba as da zona oriental (O Courel, Ancares).

8. Nunha paisaxe podemos identificar variábeis naturais, dentro destas inclúense elementos como formas do relevo, litoloxía, vexetación.

O outro grande grupo está formado polas variábeis humanas, onde podemos identificar: estruturas agrarias, infraestruturas, poboamento entre outros.